

2017  
2018



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



aquí hai  
**futuro**

Familia profesional

Sanidade

XUNTA DE GALICIA

## CM Cuidados auxiliares de enfermaría

### Ciclo formativo de grao medio

### Título LOXSE

Perfil profesional

Duración

1.400 horas

**Que se aprende a facer?** Proporcionar cuidados auxiliares ao paciente ou cliente e actuar sobre as condicións sanitarias do seu contorno como membro dun equipo de enfermaría nos centros sanitarios de atención especializada e de atención primaria, baixo a dependencia do diplomado de enfermaría e, de ser o caso, como membro dun equipo de saúde na asistencia sanitaria derivada da práctica do exercicio liberal, baixo a supervisión correspondente.

**En que ámbitos se traballa?** Organización e xestión da unidade ou consulta, prestación do servizo e educación sanitaria.

**Que ocupacións se desempeñan?** Auxiliar de enfermaría ou clínica, de balnearios, de atención primaria e cuidados de enfermería a domicilio; auxiliar bucodental, xeriátrico, pediátrico, de esterilización, de unidades especiais e de saúde mental.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55
1º	CM0304	Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	160
1º	CMHC55	Horas á disposición do centro	55
1º	CM0305	Operacións administrativas e documentación sanitaria	55
1º	CM0308	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	130
1º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55
1º	CM0310	Técnicas básicas de enfermaría	320
1º	CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica e estomatolóxica	130
2º	CM0302	Formación en centros de traballo	440

**Que título se obtén?** Técnico en cuidados auxiliares de enfermaría.